



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de marzo de 2009, adoptou o seguinte acordo:

**ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA “PAVIMENTACIÓN VIAIS NA PARROQUIA DE ALDÁN”**

**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente a obra “Pavimentación viais na parroquia de Aldán” á empresa Construcións, Obras e Viais S.A. (COVSA), co CIF n.º A-36008886, e domicilio na rúa Herminia Fariña Cobián n.º 46 (CP 36003) de Pontevedra, polo importe total de 187.767,74 € e un prazo de execución de seis meses.

**Segundo.-** Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**Terceiro.-** Notificar esta resolución ao adxudicatario e requirilo para que no prazo de dez días hábiles, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

**Cuarto.-** Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 26 de marzo de 2009.